

Programa formativo

*Como captar financiamento europeo
para a túa empresa*



Identifica as fontes de financiamento europeas. Os principais programas da Unión Europea 2021- 2027: Horizon Europe (HORIZON) e EIC Accelerator (II)

Formadora: Loli Docampo

Data: 5 de outubro 2023




Horizonte Europa

A innovación é un aspecto fundamental para que a Unión Europea ofrezca prosperidade á cidadanía e supere os desafíos do futuro.

O progreso económico, o benestar social e a calidade de vida de Europa dependen da súa capacidade para impulsar a produtividade e o crecemento, que, á súa vez, depende en gran medida da súa capacidade para innovar.

A innovación está no corazón de Horizonte Europa.

Horizonte Europa



Horizonte Europa: Pilar 3 (1)

O *Pilar 3 Europa Innovadora* de Horizonte Europa está deseñado para ofrecer resultados tanxibles para liderar unha onda de innovación revolucionaria, atendendo retos coma o incremento do financiamento de risco, o acceso aos resultados de investigación e a súa transferencia, acelerando a transformación dos negocios e abordando a fragmentación do ecosistema de innovación.

Horizonte Europa: Pilar 3 (2)



Pilar 3 Europa innovadora

Consejo Europeo de Innovación
(EIC)

Ecosistemas europeos de
innovación

Instituto Europeo de Innovación
y Tecnología (EIT)

Este pilar inclúe o **Consello Europeo de Innovación (EIC)**, que promoverá nomeadamente tecnoloxías innovadoras e disruptivas co foco na innovación creadora de mercado, ao tempo que apoiará todo tipo de innovacións, incluídas as incrementais, especialmente nas PEME e empresas emerxentes ou *start-up*, cun rápido potencial de escalado de mercado europeo e mundial.

O Pilar 3 engloba ademais o apoio aos **Ecosistemas Europeos de Innovación** e as actividades desenvolvidas no marco do **Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía (EIT)**.

Horizonte Europa: Pilar 3 (3)

Entre os **obxectivos** das actividades deste pilar destacan o apoio ao desenvolvemento de innovacións futuras e emerxentes (incluídas as innovacións *deep tech* e as non tecnolóxicas), a redución da fenda financeira no desenvolvemento, despregamento e escalado de innovacións creadoras de mercado, o apalancamento de capital e investimento privados e o incremento do impacto e a visibilidade do apoio á innovación nos ecosistemas da UE.

Horizonte Europa: Ecosistemas Europeos de Investigación (1)

Para aproveitar plenamente o potencial de innovación de investigadores, emprendedores, industria e sociedade europeos débese coidar o contorno no que a innovación pode xurdir.

Esta parte de Horizonte Europa contribúe ao desenvolvemento dun ecosistema de innovación eficaz a nivel da Unión Europea e fomenta a cooperación, a creación de redes e o intercambio de ideas e coñecementos, desenvolvemento os ecosistemas de innovación nacionais, rexionais e locais.

O obxectivo é apoiar todo tipo de innovación, chegando a todos os innovadores da Unión Europea.

Horizonte Europa: Ecosistemas Europeos de Investigación (2)

A UE e os seus Estados membros aspiran a desenvolver ecosistemas que apoiem a innovación social e a innovación do sector público, alén da innovación nas empresas.

Para alcanzar estes obxectivos, desenvólvense actividades que complementan e promoven sinerxías coas accións do Consello Europeo de Innovación (EIC) e do Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía (EIT), con actividades desenvolvidas baixo outros pilares de Horizonte Europa e con outras actividades nos Estados Membros e Asociados, tanto públicas como privadas.

Horizonte Europa: Ecosistemas Europeos de Investigación (3)

Estas actividades inclúen, entre outras, a conexión e traballo en rede dos axentes de innovación nacionais e rexionais e o apoio á execución de programas conxuntos de innovación por parte dos Estados membros, as rexións e os países asociados, a partir do intercambio de prácticas e coñecementos sobre innovación e a súa regulación, buscando sinerxías, entre outras cousas, co apoio dos fondos FEDER aos ecosistemas de innovación e as plataformas interrexionais ao redor da especialización intelixente.


Instituto Europeo de Investigación (1)

O Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía (**EIT**) é un organismo da UE creado en 2008 que ten o obxectivo de fortalecer a capacidade de innovación dos países da Unión Europea. O Instituto está integrado en Horizonte Europa, o Programa Marco de Investigación e Innovación da UE.

O Instituto é unha iniciativa única da UE que impulsa a innovación en toda Europa mediante a integración dos centros de educación, as empresas e os centros de investigación (o chamado **triángulo do coñecemento**) para atopar solucións aos retos mundiais acuciantes.



Instituto Europeo de Investigación (2)



A EIT reforza a capacidade que Europa ten de innovar, competir cos seus socios estranxeiros e crear así emprego e riqueza.

Reúne aos actores do **triángulo do coñecemento** e apoia o desenvolvemento de asociacións paneuropeas dinámicas e a longo prazo. Son as chamadas **Comunidades de Conocimiento e Innovación (KIC)**.

Instituto Europeo de Investigación (3)

Estas asociacións se denominan **Comunidades de Innovación e do Coñecemento (KIC)** e cada unha delas (9) se dedica a atopar solucións a un reto global específico, como pode ser o cambio climático, a enerxía sustentable, a mobilidade urbana, a alimentación e modo de vida saudables, etc.



Instituto Europeo de Investigación (4)

As KIC desenvolven produtos e servizos innovadores, crean novas empresas e forman a unha nova xeración de emprendedores, traballando, en colaboración cos axentes do triángulo do coñecemento na busca de solucións máis eficaces e innovadoras para Europa.



EIT Climate-KIC

Accelerate the transition to a zero-carbon economy



EIT Digital

Drive Europe's digital transformation



EIT InnoEnergy

Achieve a sustainable energy future for Europe



EIT Health

Give EU citizens greater opportunities for a healthy life



EIT RawMaterials

Develop raw materials into a major strength for Europe



EIT Culture & Creativity

Unite Europe's creatives



EIT Urban Mobility

Smart, green and integrated transport



EIT Manufacturing

Strengthen and increase the competitiveness of Europe's manufacturing industry



EIT Food

Lead a global revolution in food innovation and production

Instituto Europeo de Investigación (5)

As 9 comunidades existentes na EIT son:

EIT Mobilidade Urbana 

EIT Clima 

EIT Dixital 

EIT Alimentación 

EIT Saúde 

EIT InnoEnerxía 

EIT Industrias Culturais e Creativas 

EIT Fabricación 

EIT Materias Primas 

Instituto Europeo de Investigación (6)

A EIT é a maior rede de innovación de Europa e reúne a máis de mil socios estruturando a cooperación entre eles, co obxectivo de empoderar ás persoas innovadoras emprendedoras de toda Europa para converter as súas ideas en produtos, servizos, emprego e crecemento. Isto é fundamental para o cumprimento da misión da EIT, que consiste en crear postos de traballo e ofrecer oportunidades de crecemento económico sustentable para Europa.

Xunto cos socios principais, a comunidade da EIT ofrece unha ampla gama de actividades de innovación e emprendemento, que aportan novas ideas e solucións ao mercado, convirten aos estudantes en emprendedores e, o que é máis importante, favorecen a innovación.

Instituto Europeo de Investigación (7)

A través das KICs, a EIT ofrece un amplo rango de actividades de innovación e empendemento. Isto inclúe cursos que combinan habilidades tecnológicas e de empendemento, a creación de empresas, servizos de aceleración, e proxectos de investigacións finalistas.

Deste xeito, a EIT permite a transición desde a academia ao mercado.



Instituto Europeo de Investigación (8)

A EIT traballa con **todo tipo de axentes:**

- Empresas
- Emprendedores
- Administracións públicas (europeas, nacionais, rexionais e locais)
- Investigadores
- Estudantes
- Universidades

A EIT non só apoia ás empresas existentes, senón que **aínda que o negocio sexa mesmo unha idea**, e posible conseguirlle todos os ingredientes vitais que precisa para darlle vida, como financiamento, mercados, visión para os negocios, promoción, socios, etc.

Instituto Europeo de Investigación (9)

Son socios galegos dalgunha das KIC:

- Centro Tecnológico de Automoción de Galicia - [CTAG](#)
(EIT Urban Mobility)
- Agencia de Conocimiento en Salud - [ACIS](#) (EIT Health)

A UVigo está a participar en [HEI4Future](#), un proxecto da convocatoria EIT HEI Initiative

A USC está a participar en [Deep InventHEI](#), da convocatoria DeepTech da EIT HEI Initiative

Instituto Europeo de Investigación (10)

Posibles temáticas de proxectos a partir de retos lanzados á industria:

- Desenvolvemento de novas fontes de proteína a partir de procesos de fermentación
- Aplicacións de saúde holísticas para a xestión de enfermidades crónicas
- Mellora da seguridade dos usuarios de bicis no contorno urbano
- Nova Bauhaus Europea
- Produción de ferro ou aceiro de forma sustentable
- Aplicación para conectar viaxeiros con discapacidade con outros usuarios e provedores de servizos locais
- Sistemas de agricultura intelixente para a monitorización do proceso de rego dos cultivos de cereal

Horizonte Europa: EIC (1)

O Consello Europeo de Innovación (EIC) é un portelo único de Horizonte Europa para todo tipo de innovadores, dende particulares ata universidades, organizacións de investigación e empresas (PEME, incluídas start-up e, en casos excepcionales, pequenas *mid-caps*).

European
Innovation
Council



Horizonte Europa: EIC (2)

Xunto con outras partes de Horizonte Europa, estimula todas as formas de innovación, dende a innovación incremental ata a innovadora revolucionaria e disruptiva, co foco na innovación que crea novos mercados.

O EIC, a través dos seus instrumentos **Pathfinder** e **Accelerator**, ten como obxectivo identificar, desenvolver e implementar innovacións de alto risco de todo tipo, cubrindo toda a cadea de innovación e brindando apoio a beneficiarios únicos (nomeadamente PEME) e consorcios multidisciplinares.

EIC Pathfinder

O instrumento Pathfinder outorgará subvencións a proxectos de vangarda de alto risco que exploren áreas novas e *deep-tech* co obxectivo de convertelas en potenciais tecnoloxías radicalmente innovadoras do futuro e novas oportunidades de mercado.

O obxectivo xeral de Pathfinder é nutrir o mercado de innovación a partir de ideas revolucionarias e levalas á etapa de demostración ou ao desenvolvemento de modelos de negocio ou estratexias de transición á innovación para a súa posterior adopción por parte do Acelerador ou calquera outra solución de implementación de mercado.

EIC Accelerator

O EIC Accelerator é un programa de financiamento baixo o paraugas de Horizonte Europa que ofrece apoio ao escalado e o despregamento dos novos mercados en forma de financiamento combinado (*blended finance*) do EIC.

O financiamento combinado do EIC é unha combinación de subvención ou anticipo reembolsable (para cubrir actividades de innovación) e apoio ao investimento en capital (*equity*) ou outras formas como notas convertibles, préstamos, garantías, etc. para o despregamento efectivo do mercado, de xeito que non desprace aos investimentos privados nin distorsione a competencia no mercado.

EIC Accelerator

Está pois pensado para PEMEs ou start ups que:

- teñan un produto, servizo ou modelo de negocio innovador, que cambie ás regras de xogo e poda crear novos mercados, perturbar os existentes en Europa e mesmo no mundo
- teñan a ambición e o compromiso de crecer,
- busquen un financiamento substancial, pero os riscos que entrañan son demasiado elevados para que invistan únicamente inversores privados

EIC Accelerator: para que?

Para desenvolver e ampliar innovacións co potencial de crear novos mercados o transformar os existentes (TRL 5-9)

Os TRL son os Technology Readiness Level ou Niveis de Madurez da Tecnoloxía que teñen estes niveis:

TRL 1: Idea básica

TRL 2: Concepto ou tecnoloxía formulados

TRL 3: Proba de concepto

TRL 4: Validación a nivel de compoñentes en laboratorio


TRL 5: Validación a nivel de compoñentes nun contorno relevante

TRL 6: Validación de sistema ou subsistema nun contorno relevante

TRL 7: Validación de sistema nun entorno real

TRL 8: Validación e certificación completa nun entorno real

TRL 9: Probas con éxito en entorno real



EIC Accelerator: para quen?

O EIC Accelerator pode axudar a crecer a unha empresa si...

- Desenvolve innovacións de alto risco e alto impacto
- Ten potencial para crear novos mercados, transformar os existentes e contribuir á innovación social
- Baséase en descubrimentos científicos, ideas radicais ou avances tecnolóxicos (*deep tech*);
- As súas actividades de innovación xa alcanzaron o TRL 4 e xa se atopa nun TRL 5 ou superior
- Require un financiamento significativo nun prazo longo antes de poder xerar beneficios (*patient capital*).

EIC Accelerator: para quen?

O solicitante pode ser:

- unha sola empresa de nova creación (start-up) ou PEME (incluídas as empresas derivadas ou spin offs)
- pequenas empresas de mediana capitalización (menos de 499 empregados) que necesiten unha rápida ampliación da actividade de TRL 9.

As empresas de mediana capitalización só poden solicitar investimento ou capital.

- persoas físicas ou xurídicas que desexen crear unha PEME ou unha empresa de mediana capitalización.

EIC Accelerator: para quen?

O programa está **dirixido** a solicitantes de países membros da EU ou asociados a Horizonte Europa.

- Os solicitantes de terceiros países poden deslocalizar a súa empresa para ser elixibles. Isto debe facerse antes de presentar a solicitude completa (Paso 2).
- Os solicitantes do Reino Unido poden acollerse só ao réxime de *só subvención*.

Os participantes **poden conseguir:**

- ata 2,5 millóns de euros en subvencións
- ata 15 millóns de euros en investimentos de capital, asesoramento e tutoría e creación de redes

EIC Accelerator: Subvencións

Non dilusiva, de ata € 2,5 millóns (que sexan como máximo o 70% dos custos totais elixibles), para actividades de innovación de TRL 5-8 que sexan completadas en 24 meses.

Poden ser:

- ***Só subvención*** - para empresas que pretendan alcanzar o TRL 8 ao final do proxecto e continuar o desenvolvemento sen o apoio do programa EIC
- ***Subvención en primeiro lugar***: para empresas que alcancen o TRL 8 ao final do proxecto e a posibilidade de solicitar capital dilutivo para alcanzar o TRL 9

EIC Accelerator: Investimento directo

Dilusivo, ata € 15 millóns, para o despliegue no mercado (TRL 9), ata un máximo de 25% das accións con dereito a voto da empresa, co principio de *capital paciente* e cunha perspectiva de 7-10 anos.

Pode ser:

- **Financiamento mixto:** unha combinación de subvención non dilutiva para actividades de innovación (TRL 5-8) e capital dilutivo para o despliegue no mercado (TRL 9)
- **Só investimento:** para empresas de mediana capitalización e empresas que recibiran só subvención

EIC Accelerator: Outra información

Os solicitantes só poden presentar **unha solicitude** ao Acelerador EIC. Pódense presentar solicitudes adicionais **despois de recibir os resultados da presentación orixinal** (*concurrent submission*).

Non se pode presentar unha nova poposta se é beneficiario dun proxecto en marcha do EIC Accelerator, EIC Accelerator Pilot ou Instrumento PEME (*concurrent implementation*)

O EIC dá a benvida a solicitudes de innovadores de países da UE e asociados a Horizonte Europa, en particular ás **start-ups e PEME lideradas or mulleres**

EIC Accelerator: Participación

Se a empresa reciba unha invitación a participar, debe elixir entre:

- **Open call:** convocatoria dirixida ás innovacións en calquera campo da tecnoloxía e ás trasversais que abarquen diferentes campos científicos, tecnolóxicos, sectoriais e de aplicación, ou representen novas combinacións
- **Challenge Driven calls:** estes temas identificáronse en ámbitos nos que as tecnoloxías de vangarda ou as innovacións revolucionarias desenvolvidas por empresas de nova creación ou PEME poden ter unha gran repercusión nos obxectivos da UE

EIC Accelerator: Participación

En 2023 estes **desafíos** estaban realcionados con:

- Novos ensaios baseados en biomarcadores para guiar o tratamento personalizado do cancro
- Descontaminación de aerosois e superficies para a xestión de pandemias
- Almacenamento de enerxía
- New Bauhaus europea e dixitalización da arquitectura, a enxeñería e a construción para a descarbonización
- Compoñentes emerxentes de tecnoloxía cuántica ou de semicondutores
- Novas tecnoloxías para unha agricultura resistente
- Tecnoloxías e servizos espaciais innovadores e orientados ao cliente

EIC Accelerator: como solicitar

A solicitude consta de **3 etapas**:

- ❑ Etapa 1: escritura dunha breve proposta
- ❑ Etapa 2: preparación da proposta completa
- ❑ Etapa 3: presentación do proxecto ou *pitch*

EIC Accelerator: Etapa 1

- ❑ As propostas curtas pódense presentar en calquera momento e serán avaliadas a distancia por avaliadores expertos do EIC e por orden de chegada
- ❑ Consta dun formulario de 5 páxinas no que haberá que resumir a proposta e responder a unha serie de preguntas sobre a innovación, o mercado potencial ou o equipo, un pitch-deck de ata 10 diapositivas en formato pdf e dun vídeo de presentación dun máximo de 3 m. no que os principais membros do equipo (ata 3 persoas) deben motivar a súa proposta

Normalmente recibíase unha resposta nun prazo de 4 semanas. Se a solicitude cumpre os criterios básicos da convocatoria se lle invitará a preparar unha proposta completa para presentala nunha das datas límite establecidas para o financiamento do EIC Accelerator ou do Challenge Accelerator.

EIC Accelerator: Etapa 1 - Avaliación

A proposta avaliarase de acordo cos criterios de avaliación establecidos, utilizando un sistema binario de aprobado (GO) ou non aprobado (NON GO) por proposta.

Os avaliadores van valorar:

1. *Excelencia*: carácter innovador e creador de mercado e oportunidade da innovación
2. *Impacto*: potencial de ampliación e impacto positivo máis amplo
3. *Nivel de risco*, aplicación e necesidade de apoio sindical: capacidade e motivación do equipo

EIC Accelerator: Etapa 1 - Avaliación

Excelencia

¿Ten a innovación un alto grado de novidade -en comparación cos produtos, servizos e modelos de negocio existentes- con potencial para crear ou transformar significativamente os mercados?

¿E o cronograma oportuno para esta innovación dende o punto de vista do mercado, os usuarios, a sociedade ou as tendencias e avances tecnolóxicos?

Impacto

¿Ten a innovación potencial de escala, incluído o potencial para desenvolver novos mercados e repercutir no crecemento da empresa?
¿Mostra a empresa unha visión clara e convincente, tendo en conta o seu nivel actual de desenvolvemento e madurez, en relación co mercado obxectivo, o modelo empresarial e as previsións de crecemento?

¿Logrará a innovación efectos positivos máis amplos na sociedade, a economía, o medio ambiente ou o clima?

Nivel de risco, implementación e necesidade de apoio

¿Está o equipo capacitado e motivado para aplicar a innovación e levala ao mercado? ¿Existe un plan para adquirir as competencias críticas que faltan na actualidade, incluída unha representación adecuada de mulleres e homes?

EIC Accelerator: Etapa 2

Se a proposta abreviada recibiu unha calificación de **GO**, ten **12 meses** para preparar a súa proposta completa e presentala a unha das datas de corte.

Nest caso é preciso preparar a proposta completa no portal de **Funding and Tenders** da Comisión. Haberá que seguir a estrutura e proporcionar a información detallada nas plantillas, definir o tipo de financiamento, preparar unha nova presentación e algúns documentos adicionais.

As próximas **datas de corte** son:

19 de outubro de 2023

EIC Accelerator: Etapa 2 - Avaliación

| Excelencia | Impacto | Nivel de risco, implementación e necesidade de apoio |
|---|--|--|
| <p>¿Se basa nunha tecnoloxía/tecnoloxías que se avaliaron adecuadamente (alo menos TRL 5/6)? ¿Desenvolveuse a tecnoloxía de forma segura e fiable?</p> | <p>¿Avalióuse axeitadamente o mercado potencial e realizáronse análises exhaustivos da competencia?</p> | <p>¿Existe un plan de execución claro con fitos, paquetes de traballo e entregables, xunto con resultados e cronograma realistas?</p> |
| <p>¿Dispón a empresa dos dereitos de propiedade intelectual precisos para garantir a liberdade de funcionamento e unha protección axeitada da idea?</p> | <p>¿Existe unha estratexia de comercialización convincente e ben pensada?</p> | <p>¿Significa a natureza e o nivel de risco do investimento na innovación que os axentes do mercado europeo non están dispostos a comprometerse en solitario co total do investimento?</p> |
| <p>SÓ EIC Accelerator Challenges ¿Que relevancia teñen os obxectivos da proposta para contribuir aos obxectivos específicos do Desafío?</p> | <p>¿Identificáronse e foron involucrados no proxecto os socios chave precisos para desenvolver e comercializar a innovación?</p> <p>SÓ EIC Accelerator Challenges: ¿Ten a solicitude proposta potencial para contribuir aos resultados e impactos esperados establecidos no Desafío?</p> | <p>¿Foron identificados os principais riscos, xunto coas medidas para mitígalas?</p> |

EIC Accelerator: Etapa 3

Si a solicitude cumpre todos os criterios, o solicitante será invitado ás entrevistas presenciais (*pitch*) cun xurado do EIC como paso final do proceso de selección.

Próximas entrevistas:

Do 2 ao 6 de outubro

Do 15 ao 19 de xaneiro de 2024

As candidaturas que cumpran todos os criterios na fase de avaliación a distancia (Etapa 1) e sexan avaliadas positivamente polo xurado do EIC, pero non recomendadas para financiamento, recibirán un Selo de Excelencia que lles axudará a conseguir financiamento doutras fontes.

EIC Accelerator: proxectos financiados

INGENIERIA TECNICA Y CONSULTORIA DEL NOROESTE S.L.

Proxecto: optiSLATER-Automated Classification System for the categorization of slate slabs.

Tipo de proxecto: Fase 1

ECOPLAS BARBANZA, SOCIEDAD LIMITADA

Project: BioPackNet-Manufacturing of biodegradable and compostable packaging nets through a conventional one-step extrusion process

Tipo de proxecto: Fase 1

XESOL I+D+I S.L.

Project: SMARTCARS-Low Cost Advanced Driver Assistance Systems (ADAS): A cost affordable solution for improved road safety

Project Type: Phase 2

FEEDING SYSTEMS S.L.

Project: smartFEEsh-Smart FEEding Systems for Hatcheries: Automatic central feeding system of live food and microdiets for farmed fingerlings

Tipo de proxecto: Fase 1

EIC Accelerator: proxectos financiados

NANOGAP SUB-NM-POWDER S.A.

Project: PRISTINE-Improved production of low cost silver nanowires

Tipo de proxecto: Fase 1

BRIDGE MEDIATECH S.L.

Project: BDuSSCR-BIG DATA using SECOND SCREEN AND CONTENT RECOGNITION

Tipo de proxecto: Fase 1

INOVALABS DIGITAL, S.L.

Project: TECHEYE-Artificial Intelligence beyond quality

Tipo de proxecto: Fase 1

NANOIMMUNOTECH S.L.

Project: HEATSENS_S-Lab-on-a-chip microfluidic device based on plasmonic driven thermal nanobiosensing for rapid detection of Salmonella in chicken meat.

Tipo de proxecto: Fase 2

EIC Accelerator: proxectos financiados

ECCOCAR SHARING

Project: ECCOCAR-A disruptive car sharing platform that advances the connected cars era

Tipo de proxecto: Fase 1

INGENIERIA TECNICA Y CONSULTORIA DEL NOROESTE S.L.

Project: optiSLATER-Automated Classification System for the categorization of slate slabs.

Tipo de proxecto: Fase 1

SISTEMAS AUDIOVISUALES ITELSIS S.L.

Project: AQUASERS-The European first generation of aquaculture SERS-based Biosensor

Tipo de proxecto: Fase 1

MECWINS S.A.

Project: IVD4Sepsis-Novel ultrasensitive detection device for early Sepsis diagnosis

Tipo de proxecto: Fase 1

EIC Accelerator: proxectos financiados

CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS S.L.

Project: TiiVii-Automating professional TV production for sports

Tipo de proxecto: Fase 2

ICEACSA CONSULTORES, S.L.

Project: SSMAApp-MART MOBILITY APPLICATION TO IMPROVE TRAFFIC MANAGEMENT AND PLANNING

Tipo de proxecto: Fase 1

PANACEA COOPERATIVE RESEARCH S. COOP.

Project: SKELETONID-Fast, Unbiased & Accurate Human Identification: Artificial Intelligence at the service of Physical and Forensic Anthropology

Tipo de proxecto: Fase 1

3D INTERACTIVES SOLUTIONS S.L.

Project: e-pack 3D-The intelligent online platform for lean packaging eco-design

Tipo de proxecto: Fase 1

Materiais útiles para preparar a proposta

[Calendario de convocatorias 2023-2025 da EIT](#)

[Programa de traballo dos Ecosistemas Europeos de Innovación](#)

[EIT Community: Business Creation & Acceleration Activities](#)

[Programa de Traballo do EIC](#)

[Guía do programa EIC Accelerator](#)

[Listado de TRL](#)

[Apartado do EIC na web da UE](#)

[Programa de traballo do EIC](#)

[EIC Accelerator Data Hub](#) con información de proxectos e empresas financiadas noutras convocatorias anteriores